

CONTINENTES NEGROS

por Carmen Blanco

Todo negro

Todo negro. Ouh *quel pays barbare*, dixera o estranxeiro. Se fose verdadeiramente bárbaro. Canto máis te adentras nel, canto máis escuro. Mais só sombrizo e bárbaro como a humanidade e o mundo. Todo negro aquí. Como negro todo. Negro non saber.

Negros e rosas

Todo negro. Negro o negro, negras as rosas: negras nós e negros nós. Negros e rosas. Así cantaba a que choraba e ía cantando, sen saber se cantaba, choraba ou chovía. Continente negro. Negro contido. Cantáballe todo o coro do pobo dentro. Ela escoitaba no corpo do canto aquel canto da moza que cantaba para vergonza contra os castellanos maltratadores de gallegos. *Cando van, van como rosas. / Cando ven, ven como negros!*. E triste era o cantar da moza polo mozo máis branco que a neve morto de morte negra.

Negro inferior non

Todo negro. Apliquemos toda a intelixencia que temos. Ai cando falta intelixencia. Falta tamén bondade.

*Triste loco de atar el que ama menos
le llama al que ama más;
y terco impenitente, al que no olvida
el que puede olvidar.
Del rico el pobre en su interior maldice,
cual si él rico no fuera si pudiese,
y aquél siente hacia el pobre lo que el blanco
hacia las razas inferiores siente.*

Rosalía de Castro comprendeu a crueldade da incompreensión. A razón e a raíz dos combates do poder. A dialéctica da complicidade nada inocente de moitas vítimas. Negro inferior non. Intelixencia dános o coñecemento exacto das cousas. A mirada profunda que dá luz no interior do escuro. Apertura contra este tremendo desencontro. Abre. Non. Abrimos. Si. Ollos profundos. Negro profundo. Preñe profundo. Amor. Azul.

Amor negro

Todo negro. Grelan as rosas negras. Si. *Alave* licua o leite negro. Ébano e marfil. Si. Branco e negro. Si. Pai. Si. Café con leite. Si. Nai. Si. Bicos negros. Si. Irmáns. Si. Bocas negras. Si. Fillas. Si. Eros negro. Si. Meus amores. Se queremos. Amor promiscuo. Noite e aurora. Si. Amor mutuo. Si. Amores múltiples. Amor todo natural. Si. Amor grego. Amor negro. Amor galego.

Negra froita

Todo negro. Negreiros non. Nin vellas nin novas negreiras tampouco non. Ai os amores negros. Penden asasinados os froitos negros mortos. Sobreviven mortas as negras froitas chuleadas pola vida. Vida negra violada. Negras mortas. Pero tocamos e tocamos o froito reservado ao pai. E bailamos e bailamos na festa do patrón. Sen paieterno. Nos ghettos nosos. Traballamos recollendo o algodón. Curando con algodóns. E cantamos. Vós queredes os algodóns e os cantos. Putañeiros vós. Negras nós e negros vós. Carne negra. Carbón candente. Amor.

Novelo negro

Todo negro. Cando negro é só escuro entón negro é o novelo que envolve a verdade. Victoria é o nome dado ao lago pola dama sen lago da derrota dada no centro do corazón do continente africano. A avidez posesiva inventa o territorio que cre vencido calcando o V da victoria no río e nas fontes do mapa calcado e manipulando o M de morte nos nortes e lestes do relato manipulado sobre o sol. A marca VM é imborrable, mais o outro V da verdade da vida sempre sempre sempre revive porque a vida é así. Todo o negro ten máis de un nome. E o nome negro do ghetto é o da luz. Sol na sabana. *Kplékplé*. Non convenceredes. Nin con V de violencia explícita. Nin con V de violencia implícita. Nin con M de manipulación. Nin con M de imitación. Nin con M de imposición. Matades o sentido. Impoñedes a impostura. Impedides a resposta. Sen sentido quedades vós. Virá o convencemento. E veremos e verán e veredes a verdade do nome dinamitando o relato da ocultación. Amor. Corazón negro. Novelo de veludo. Para a gata e o gato sen nome que non se chaman porque veñen cando queren. E todo vai como a seda. Negra.

Negras migracións

Todo negro. África negra. América negra. Mundo negro. Unha e un vólvense negros e nigran. Longas linguas negras. Migracións. Sabor do exilio. Recollemos o que tiran. Limpamos o lixo que deixan. *Lei de estranxeiría para a raíña Sofía*. Non te vaia amor en lingala. Si. Son zulú. Voume á cidade onde as mulleres non teñen madres. Ouh mama en makua. Non terei o fallo dos fillos en shona. Mama *morna*. Lembra en wolof. Ti con A ou O es a filla da miña nai. Vén á bondade nada doada da irmandade. Pobre. Vén á sabana. E vamos á fonte. E ao río. Ruanda. Somalia. Nixeria. Soweto. Sur e norte noso. Caribes. Chuvia chuvia chuvia. Calor ecuatorial. Para curar a infección e a fame. Fogo. Meus amorosos. Sen posesión. Meus kikiuos. Meus nubas. Meus nenos. Meus animais. Amor animal. Ningún animal morto por mulleres sen necesidade. Por ningún home bo. Ningún ser morto. Saber

saber saber. Selva láctea. Instinto natural. Calidade máxima do material humano. Que saibamos. Que saia todo o pus das podres palabras do poder. Productos pedregosos tintados que tanto interesa meter polos ollos, polas orellas. Resistencia profunda da persoa profunda ao produto espúreo. Firmeza. Forza profunda dos profundos ollos libres moi abertos para a vida valente. Revolución profunda. Vén.

As negras si

Todo negro. Libia. Laca negra. Pigmento orgánico. Amor. Arte corporal. Muller núa de Mali. Negrada. Uva tinta. Negrón. Mazá madura. Coido. As Negras. Rochas redondas do mar. Mulleres negras do mundo. De Grecia. E Galicia.

Todo negro

Todo negro. Inmensamente negro. Panteira. Bandeira. Pintada. Pasos. Noite inmensa. Negro multicolor. Alegría negra. Negror.